



**FEBREIRO  
2010  
SECURITAS**

**B  
O  
L  
E  
T  
I  
N**

**I  
N  
F  
O  
R  
M  
A  
T  
I  
V  
O**



**Confederación Intersindical Galega  
II EPOCA**

Aquí tendes o boletín da CIG, que como xa é de todos/as coñecido, é unha ferramenta pola cal vos informamos de todas as novas que se producen no sector a nivel xeral, e máis particularmente das novidades que afectan a nosa empresa, con especial atención as que emanan da nosa delegación.

## **Xuntanza do comité de empresa de data: xoves, 28 de xaneiro do 2010**

Asistiron a reunión pola parte da empresa, o xerente D. Antonio López e o xefes de servizos D. Xabier Domínguez e D. Eloi González, así como os representantes dos traballadores no comité de empresa. Na mesma, se trataron os seguintes puntos:

### **Lectura e aprobación da acta anterior**

Os membros do comité proceden aprobación e a sinatura da acta da anterior xuntanza.

### **Sancións e amoestacións**

A empresa informa de que non se produciu ningunha novidade neste afastado.

### **Servizos novos e perdidos.**

Servizos novos:

- Instituto Galego de Formación e Acuicultura, en Vilagarcía de Arousa.
- Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro Atlántico en Vigo.
- Dalfi Metal.
- T.R.V.
- Ampliación do servizo de Frigodis.

Servizos perdidos:

- Rondas Tafisa-Grupo Lar.
- Hiperplanet.
- Reducción do servizo de Bosch.

- Servizo Itinerante de Telefónica.

### **Servizo de Roldas**

Infórmase á empresa que o persoal que está a desenvolver o servizo estático en Alfageme (Vilagarcía) vese obrigado a abandonar o seu posto de traballo para facer roldas periódicas noutra nave do mesmo cliente, froito das ordes de persoal administrativo da oficina de Securitas. O xerente considera que ás ordes recibidas deben cumprirse independentemente de quen as comunique, anotándose no MFO. Faise observar que a orde non provén dun Xefe de servizos ou inspector, respondendo que a orde debe cumprirse igualmente aínda que non proceda dun mando intermedio operativo, xa que estes deben ter coñecemento das mesmas aínda que non sexan eles quen nese intre as comunique.

No que abrangue ó Servizo de Roldas, propiamente dito, obsérvase que co motivo das diferentes acudas ás que teñen que facer fronte estes compañeiros, estanse a ver sometidos a unha excesiva carga de traballo, sabendo á hora que entran, pero non á hora que saen, dándose casos nos que tamén se viron obrigados a entrar antes da súa hora por necesidades do servizo. A empresa contesta que todas ás horas feita a maiores lle son aboadas ós traballadores incluso engadíndose dietas, en canto ó sacrificio que estes traballadores teñen que facer, considera que é debido á dinámica do servizo, e non a una mala organización, entendendo este xeito de traballar como unha colaboración recíproca, xa que se estes traballadores vense obrigados a facer un esforzó, pero tamén a empresa procura compensarllo, facendo o que pode por axudalos naquelo que precisen.

### **Formación.**

Vólvese a insistir en que aínda queda xente que leva anos sen facer cursos de reciclaxe, e que non foron chamados para os do ano pasado. Os xefes de servizo respondendo que usan una ferramenta informática, que lles facilita a información da xente que non fixo cursos, máis que a pesares de que eles chaman, os vixiantes non lles collen o telefone, co que van pasando ó seguinte da lista hasta completar o cupo.

O xerente informa da celebración dun vindeiro curso que comezará a partires do 15 de febreiro, de nome “Prevención de Riscos Laborais” e

outro, tamén para o primeiro trimestre do ano de “Protección ás Víctimas da Violencia de Xénero”, coa data aínda sen confirmar.

Ante o éxito das anteriores convocatorias a CIG volve propoñer a celebración de cursos na cidade de Pontevedra, ao que a empresa accede sen problema dado o éxito que tivo o anterior.

Tamén se solicita que ás horas que se lle aboan ós traballadores en concepto de formación aparezan refrexadas como tal na nómina, e non como horas extras, ou que se utilicen para completar xornada. A empresa comprométese a revisar porque se están a dar estes erros e corrixir os mesmos.

### **Escalafón.**

A empresa comprométese a entregalo en breve a este comité.

### **Uniformidade.**

A día de hoxe aínda non foran repartidas as prendas da uniformidade de inverno en todos os servizos, polo que instáselle a empresa a facelo de inmediato. A empresa di que dispón de moita roupa pero de poucas tallas, polo que tentarán en breve de solucionar este problema.

A empresa tamén solicita que se lle devolvan ás prendas con taras de fabricación (camisa transparentes, zapatos que se descolan, etc.), co fin de mostrarlles ós encargados do departamento que se encarga destas operacións.

### **Alfageme.**

A empresa informa de que en canto teña novidades en relación con este servizo, van comunicalo tanto ós traballadores implicados como ós membros do comité, con tempo suficiente.

### **Centro Comercial Gran Vía.**

Houbo unha redución moi importante neste servizo, afectando principalmente aos postos de reforzo, quedando tan só dous vixiantes para este posto. O xefe de equipo desenvolverá o seu traballo na quenda de

10:00 a 19:00 horas ininterrompidamente, polo que se pregunta a empresa cando come este vixiante, respondendo que xa o teñen solucionado non querendo dar mais explicacións, e que o xefe de equipo desenvolverá tarefas de reforzo na súa quenda. Advírteselle a empresa que a xornada continúa deste vixiante supera a xornada máxima diaria establecida legalmente.

Entregáselle un escrito asinado polos traballadores solicitando un xersei como prenda de uniformidade para o servizo, dicindo a empresa que non é necesaria dita prenda para este servizo e que ademais esta non é unha prenda regulamentaria.

### **Telefónica Fragoño.**

Solicítase una clarificación sobre a uniformidade que se debe utilizar neste servizo, respondendo a empresa que é a de traxe e garabata. Tamén di que se nalgún momento houbo confusión a este respecto, ó día de hoxe xa está solucionado, e que son os mandos intermedios os únicos responsábeis das ordes no servizo, e se houbo algunha disfunción neste intre xa esta arranxado.

### **Centro de Informática Caixanova.**

Sobre a vacante que se vai xerar neste servizo, a empresa di que aínda non sabe que vai cubrir o posto de 10º, pero que en todo caso será con alguén vinculado á empresa xa que non se vai facer una nova contratación por este motivo.

### **Servizo ETEA**

A empresa clarexa que todas as instrución dadas a este servizo parten da empresa, e non do persoal de Marina-Etea, e que debemos agradecer todo o que esta xente está a facer para facilitarnos o desenvolvemento do noso traballo alí, ó que non se comparte polo polas organizacións sindicais do Comité, ou polo menos da CIG.

No que abrangue ós vestiarios, os vixiantes volverán utilizar os habilitados para ese fin, tal e como lle indicou a empresa, xa que alí nin ten goteiras e ademais ten aseos con auga.

Respecto o vixiante que ten que facer servizo no patio de armas, o comité por unanimidade solicita que se lle habilite un lugar en condicións protexido das inclemencias do tempo, no que poida desenvolver o seu traballo.

En canto a riscos laborais, solicítase a mellora de condicións dos cadros de luces, tanto en accesibilidade como en maniobrabilidade dun xeito seguro.

### **O.P. Caixanova.**

Solicítase resposta ó escrito que xa presentara o comité co gallo de que se clarifícase a operativa deste servizo. A empresa di non ter coñecemento de carencias na operativa e que no caso de que as tivera sería competencia do director de seguridade de Caixanova e non de Securitas.

### **Acudas Alarmas.**

Solicítase que se clarifícase a operativa deste servizo con respecto ás chaves das diferentes naves. O xefe de servizos resposta que neste aspecto os coches cumpren coa normativa de seguridade, para a custodia de chaves, e se tiveron problemas con algún servizo foi porque as chaves entregadas polo cliente non se correspondían coa realidade, o que están a solucionar e como medida transitoria están a traballar con tan só un xogo de chaves depositado nun servizo en Pontevedra, ata solucionar definitivamente.

### **Manual de Funcionamento Operativo (MFO).**

Solicítase a actualización do mesmo, así como o engadir o procedemento na operativa e xestión dos Circuitos Pechados de Televisión (CCTV), para un uso seguro e que respecte a Lei de Protección de Datos.

### **Prevención de riscos.**

Repróbase a actuación do Técnico en Prevención do Servizo Mancomunado de Securitas, pola súa actuación na xestión e investigación da I.T. dun compañeiro que cualificou de xeito desfavorábel e que despois das oportunas alegacións e reclamacións a Seguridade Social recoñeceu como Accidente Laboral. O xerente resposta, que

entende como un erro que lle pode pasar a calquera no desenvolvemento do seu traballo. Esta resposta o comité non a considera válida, demostrándose por parte do Técnico de Prevención de Securitas a indiferenza e irresponsabilidade no trato do seu persoal, cando acontece un caso como este.

### **Documentación Comité.**

O comité solicita á empresa:

- Listaxe de traballadores a cómputo horario anual.
- O comunicado sobre o cómputo do día de asuntos propios
- Relación do persoal con contratos de obra e servizo.
- Escrito sobre as vacacións do presente ano.

### **Samper.**

Infórmase de que os traballadores deste servizo seguen a realizar funcións que non lles corresponden, ao que o xerente di que se o fan non é porque llo diga Securitas, e no caso de que as realicen será pola súa conta e risco, no caso de que teñan algún accidente realizando ditas funcións corren o risco de que a empresa ou a mutua non se responsabilice do mesmo.

Infórmase de que os traballadores deste servizo se queixan de que para poder usar o telefone fixo, teñen que entrar nas oficinas e pedir permiso ó persoal do cliente, que a pesar de permitilo, ás veces non o fai de boa gana. O xerente di, que para calquera chamada urxente que precisen, está seguro que non lles porán ningún problema.

Solicítase que debido ás particularidades deste servizo, se lle proporcionen botas de seguridade os/as traballadores/as que o desenvolven. A empresa comprométese a facilitalas en breve.

### **Comisión de Cuadrantes.**

Lémbrales á empresa que aínda non se tivo contestación no que respecta ó regulamento da comisión de cadrantes. A empresa se compromete a ter una resposta antes do vindeiro día 15 de febreiro.

Asemade convócase una primeria reunión desta comisión para o vindeiro día catro de febrero, ante os diferentes conflitos que se están a xerar no pechamento dos cadrantes dalgúns servizos.

### **Convenio.**

No que abrangue o cómputo do día de asuntos propios, a empresa aporta unha sentenza desfavorábel para os traballadores, na que se considera este día como recuperábel, o que se lle resposta que tamén hai outras que din o contrario.

Solicítase á empresa que faga entrega a este comité da copia da póliza do seguro colectivo de accidentes, xa que según parece se cambiou de aseguradora.

Despois da ultima sentenza de novembro de 2009, no relativo as horas extras e que ven a confirmar a de febreiro de 2007, preguntaselle a empresa se vai a comezar a aplicar o valor resultante desta sentenza no valor das horas extras, repostando a empresa que aínda o descoñece pero que pola información que teñen é que se vai a seguir aplicando o que veñen facendo ata o momento.

### **Varios.**

Lémbraaselle á empresa o compromiso de por un tablón na oficina no que se lles informe os/as traballadores/as, das vantaxes que lles ofertan algunhas empresas por traballaren en Securitas.

Solicítase a empresa que faga un agasallo aos traballadores que se xubilen, ao que a empresa accede manifestando que xa o tiñan pensado.

Solicítase á empresa que faga o pagamento das cantidades adebedadas en concepto de tirador/a selecto/a.

Solicítase á empresa unha estimación dos contratos que non se renovaron no mes de xaneiro, respostando a mesma que foran 8 ou 9.

Queda fixada a próxima reunión do comité de empresa, para o vindeiro 20 de abril do 2010 ás 09:00 da mañá.

## **FORMACIÓN CIG-SEGURIDADE PRIVADA**

Como sabedes a CIG, a través de FORGA, leva anos ofertando a súa afiliación unha extensa e variada oferta de accións formativas de formación continua para traballadores en activo, e como non podía ser doutro xeito, para este ano estivemos a preparar unhas accións formativas para o sector de Seguridade Privada, tendo en conta as necesidades e demandas do sector en cada comarca. Na comarca de Vigo e Pontevedra tivemos en conta varios factores: o incremento de grandes areas comerciais, feiras, museos, o perigo que están a experimentar os traballadores/as do sector dado o incremento da delincuencia organizada e habitual e a modificación legislativa producida pola violencia de xénero o que require a formación de profesionais neste senso.

## **TEMPORALIZACIÓN CURSOS CIG- FORGA** **SEGURIDADE PRIVADA PONTEVEDRA 2010** **ACADEMIA CIS**

### **VIGO FEBREIRO**

**CURSO.** **DEFENSA PERSOAL PARA SEGUIRDADE PRIVADA** 25

HORAS

**INICIO.** 16 DE FEBREIRO DO 2010

**FIN.** 4 DE MARZO DO 2010 POLA TARDE

**HORARIO.** MARTES E XOVES DE 9:30 A 13:30 E DE 16:30 A 20:30

**ALTERNATIVO INICIO.** 1º SEMAN DE TARDE.

**\*DIA 2 E DIA 4 DE MARZO FIN DAS CLASES AS 21:00**

## **VIGO MARZO**

**CURSO. GUIA CANINO. 30 HORAS**

**INICIO. 23 DE MARZO DO 2010**

**FIN. 15 DE ABRIL DO 2010 POLA MAÑAN**

**HORARIO. MARTES E XOVES DE 9:30 A 13:30 E DE 16:30 A 20:30**

**ALTERNATIVO INICIO. 1º SEMAN DE TARDE.**

**\*DÍA 13/04 E DIA 15/04 FIN AS 14.30 HORAS**

## **VIGO ABRIL**

**CURSO. OPERADOR DE SACANER 25 HORAS**

**INICIO. 15 DE ABRIL DO 2010**

**FIN. 4 DE MAIO DO 2010 POLA MAÑAN**

**HORARIO. MARTES E XOVES DE 9:30 A 13:30 E DE 16:30 A 20:30**

**ALTERNATIVO INICIO. 1º SEMAN DE TARDE**

**\*DIA 29/04 E DIA 4/05 FIN AS 14:00 HORAS**

## **VIGO MAIO**

**CURSO. CONDUCCIÓN EVASIVA 25 HORAS**

**INICIO. 18 DE MAIO DO 2010**

**FIN. 25 DE MAIO DO 2010**

**HORARIO. MARTES 18, MERCORES 19, XOVES 20, VENRES 21,**

**LUNS 24 E MARTES 25 DE MAIO 16:30 A 20.30**

**\*PRACTICA: PENDENTE DE FIXAR DATA NO CIRCUITO ENTRE OS  
DÍAS DE CURSO.**

## **VIGO XUÑO**

**CURSO. TIRO PRÁCTICO 25 HORAS**

**INICIO. 7 DE XUÑO DO 2010**

**FIN. 22 DE XUÑO DO 2010**

**HORARIO. LUNS E MARTES DE XUÑO 16:30 A 20:30**

**\*PRACTICAS. MARTES 8 DE XUÑO, LUNS 14, MARTES 15 E LUNS 21  
(SUXEITAS A CAMPO DE TIRO E DISPOÑIBILIDADE DO MESMO)**

\*TEORICAS: LUNS 7 E MARTES 22

## **TEMPORALIZACIÓN CURSOS CIG- FORGA SEGURIDADE**

### **PRIVADA PONTEVEDRA 2010**

### **ACADEMIA ARCO-GRUPO CIS**

#### **PONTEVEDRA FEBREIRO**

**CURSO. VIXIANTE DE EXPLOSIVOS. 35 HORAS**

**INICIO.** 17 DE FEBREIRO DO 2010

**FIN.** \*08 DE MARZO DO 2010 POLA TARDE

**HORARIO.** LUNS, MERCORES E VENRES DE 16:30 A 20:30

DÍA 8 REMATA AS 19:30 HORAS

\*TIRO PRÁCTICO DÍA 1 DE MARZO

#### **PONTEVEDRA MARZO**

**CURSO. INTERVENCION ANTE ARTEFACTOS EXPLOSIVOS. 30 HORAS**

**INICIO.** 23 DE MARZO DO 2010

**FIN.** 20 DE ABRIL DO 2010 POLA TARDE

**HORARIO.** MARTES E XOVES DE 16:30 A 20:30

DIA 20 DE ABRIL FIN AS 18:30 HORAS

#### **PONTEVEDRA MAIO**

**CURSO. TIRO PRACTICO PARA SEGURIDADE PRIVADA. 25 HORAS**

**INICIO.** 10 DE MAIO DO 2010

**FIN.** 31 DE MAIO DO 2010

**HORARIO.** \*LUNS 10-MARTES 11-MARTES 18-LUNS 24-MARTES 25

E LUNS 31 POLA TARDE DE 16:30 A 20:30

TEORIA. LUNS 10 - MARTES 11

PRACTICAS. MARTES 1, MARTES 18, LUNS 24 E MARTES 25

## NOVAS DA NEGOCIACIÓN CONVENIO COLECTIVO

### Traballadores/as de seguridade privada continúan as protestas impedindo á saída dos furgóns blindados de Prosegur

Reclaman á patronal do sector que mova as súas posturas para negociar un convenio digno que recolla melloras salariais e sociais

Traballadores e traballadoras da seguridade privada procedentes de todo o País, retomaron as protestas para esixir un convenio digno para o sector impedindo a saída dos furgóns blindados da sede de Prosegur en A Coruña e atrasando así os servizos que a empresa presta aos seus clientes, principalmente entidades bancarias, até ás nove da mañá.



Dende as seis da mañá, uns cen traballadores e delegados/as de CIG e CCOO, organizacións que convocaron a mobilización, posicionáronse diante das portas da nave de Prosegur no Polígono de A Grela, cortando a saída dos furgóns blindados da empresa cunha barricada de lume que lograron manter acesa até as nove da mañá, momento no que unha dotación de bombeiros procedeu a apagar o que quedaba das chamas e limpar os restos para permitir a saída dos camións.

Con esta nova protesta, que dá continuidade ás mobilizacións que dende hai un ano veñen desenvolvendo os traballadores/as do sector, preténdese presionar á patronal na procura de acadar un convenio digno, que recolla verdadeiras melloras sociais e salariais e que equipare as desiguais condicións que existen entre os vixiantes.

Durante os meses de decembro, xaneiro leváronse a cabo diferentes accións sindicais no sector bancario, grandes superficies, infraestruturas ferroviarias e aeroportuarias, o que vai a continuar nos seguintes meses ata acadar unha solución ao conflito.



Así mesmo, quérese reclamar a negociación dun convenio colectivo de ámbito galego, logo do fracaso das negociacións levadas a cabo en Madrid dentro do marco do Convenio Estatal. Negociacións que racharon hai meses e nas que a CIG presentou a súa última plataforma o pasado mes de setembro. Pola súa banda, UGT e USO descolgáronse hai tempo da unidade sindical e mesmo chegaron a estar preto dun preacordo (cunha plataforma que se asemellaba nun 95% á presentada polo empresariado), que finalmente non se chegou a asinar.

### **Un sector que non padece a crise**

A patronal do sector, ao que non ten afectado á crise económica, a penas se moveu dende a primeira reunión da Mesa e pretende unha conxelación

salarial para este ano e unha suba de 6 euros ao mes para 2010, pasar o cobro dos trienios a quinquenios e incluso limitar estes a partir do segundo quinquenio, e establecer un convenio por catro anos.

Entre as melloras demandadas polos traballadores atópase a petición dun aumento do salario, reducir a xornada laboral anual, o incremento de medidas sociais, a non mobilidade dos traballadores, xa que é habitual que as empresas os cambien dun centro a outro porque así llo permite o convenio estatal, e a equiparación do plus de perigosidade entre todos os traballadores.

O sector da seguridade privada ocupa en todo o Estado a máis de 100.000 persoas e en Galiza a unhas 4.500 persoas, que continuarán coas mobilizacións até que o empresariado mova as súas posturas e ofrezca unha proposta asumíbel polo conxunto dos traballadores/as.

## **RECLAMACIÓNS HORAS EXTRAS SEGURIDADE PRIVADA**

**Como ben sabedes o pasado mes de Decembro saliu por fin a resolución xudicial do tribunal supremo referente ao xeito de facer o calculo das horas extras e tamén para definir ás reclamacións presentadas dos anos 2005, 2006 e 2007, polo tanto e en base a sentenza, deberanse refacer os cálculos finais das reclamacións xa presentadas, así como cabe a posibilidade de presentar as dos anos 2008 e 2009, ou tamén poderíase reclamar tódolos anos no seu conxunto, pois ben os que queirades facer a reclamación dos anos 2007, 2008, e 2009, ou todas dende o 2005, deberedes xuntar as nóminas correspondentes aos anos a reclamar, e a maiores os cuadrantes de traballo para os/as que non lle veñan o abono da hora extra reflexada en nómina, a continuación entregades a documentación a delegada ou delegado sindical da vosa empresa ou ben achegádevos polo local da CIG da vosa comarca.**

# A TODOS OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DA SEGURIDADE PRIVADA

## CARTA ABERTA AO SECTOR DE SEGURIDADE PRIVADA E Á UGT

Temos recibido na CIG nestes últimos días unha carta da UGT, sindicato con máis representación no sector a nivel estatal, na cal se nos informa da súa decisión de iniciar unha campaña de mobilizacións coa fin de desbloquear a negociación do Convénio Colectivo, que como sabedes está paralizada. Esta carta, que conta cun calendario concreto e que contempla a **convocatoria de folga**, coincide coa difusión do seu contido no sector, á cal xa se lle está a informar por parte da UGT. Sabemos igualmente que o sindicato USO finalmente tamén apoia esta iniciativa.

Non imos valorar a lexitimidade destes dous sindicatos á hora de convocar mobilizacións, xa que entendemos que desde logo a teñen. Tampouco imos criticar que se pretenda contar co noso apoio, cando se presenta un calendario pechado e xa feito público. Eles saberán se esa é a forma de querer contar co apoio do resto de centrais sindicais que a mal que lles pareza existen no sector. Por parte da CIG, desde logo entendemos que **existen sobradamente motivos para convocar unha folga no sector**, así como para realizar todas as medidas de protesta necesarias. Ese non é o problema nen o que motiva esta carta aberta.

O fundamental aquí é saber cal é o obxectivo que se pretende con esta convocatoria de folga. Cales son os principais puntos a demandar. Que queremos conseguir. Só así un pode valorar ir á folga ou non. E curiosamente, sobre este aspecto non existe nengunha referencia nen comunicado público destes dous sindicatos. Debemos entender que os obxectivos desta folga se corresponden coa súa última plataforma. A que si temos por escrito, e que polo tanto podemos valorar.

Isto significa que a UGT e a USO queren que os e as vixiantes secundemos a folga para conseguir un 0% de incremento salarial en todos os conceptos económicos (Salario Base, Plus Transporte, Vestuario, Perigosidade, Nocturnidade, Festividade, etc.) para o ano 2009. É dicir, **pretenden ir á folga para conseguir unha conxelación salarial durante un ano**. Sen dúbida un gran obxectivo, bastante difícil por certo.

Queren igualmente **que vaíamos á folga para conseguir un incremento do 1,8% para o ano 2010**, nos principais conceptos económicos (Salario Base, Plus Transporte, Vestuario, Antigüidade, Pagas Extras), o que representa exactamente 18,63 euros mes e 279,57 euros anuais. E para isto convocan 6 días de folga, que supoñen un desconto nestes conceptos no caso de efectivizar a folga de 258,86 euros. É dicir, se finalmente acadamos tan ambicioso obxectivo, e para iso facemos folga, obteremos un incremento anual no 2010 de 20,71 euros, mensualmente de 1,38 euros. Temos que ter en conta que o ano 2009 rexistrou un incremento promedio en todos os convenios do estado español do 2,59%, o que significa que **imos a folga para conseguir un incremento para o ano 2010 inferior en -0,80 puntos ao resto de convenios**, sen que estes na maioría dos casos foran a conflito e fixeran folga. Outro motivo de peso.


Finalmente, propoñen para o ano 2011 un incremento do IPC final do 2010 máis un punto, que tal e como van as cousas supón unha suba moi parecida á que propoñen para o ano 2010. É certo que os vixiantes que actualmente cobran 18 euros de plus de perigosidade terían na plataforma de UGT e USO un incremento engadido de 230 euros no 2010 e de 510 euros no 2011, un 2,3% anual máis, e para quen realice nocturnidade e festividade a suba nos anos 2010 e 2011 podería supoñer uns 200 euros anuais, un 1,3 %. É dicir, no mellor dos casos un vixiante sen o plus de perigosidade completo e que realice nocturnidade e festividade **iría á folga co obxectivo dun incremento salarial do 2,8 %** para cada un dos anos de vixencia do convénio (28 euros mes), e perdendo os atrasos do ano 2009. Para quen non realice nocturnidade ou festividade, ou perciba o plus de

perigosidade íntegro, **a suba a conseguir sería dun 1,2%** (12 euros mes), perdendo igualmente os atrasos do 2009.

Para a CIG, e tendo en conta que apenas se inclúen melloras no apartado social, este sería sen dúbidas un mal convénio de sector, unha proposta da patronal que non aceptaríamos. Polo tanto, e en boa lóxica, **non podemos apoiar unha folga que pretende conseguir un convénio insuficiente e regresivo** co cal non estamos dacordo. Nesta carta aberta ao sector, preguntamos : estades dispostos a ir a unha folga para que nos conxelen o salario no 2009?. Ides secundar un paro para obter incrementos salariais do 1,8% para o 2010 e 2011?. É esta a saída que queremos?. Son obxectivos sérios para ir a unha folga séria?

**Se se quere convocar folga na Seguridade Privada, a CIG está plenamente disposta a apoiála. Pero primeiro hai que acordar e explicarlle ao sector que se quere conseguir. Non se pode chamar aos traballadores á folga sen dicirlles para qué se fai. Non se realizou nunca na historia do estado español unha folga parella a unha demanda de conxelación salarial. Folga si, pero para acadar melloras reais e subidas importantes. Facer o contrario é enganar, ou facer folgas sen crer nelas para xustificar posteriores firmas de malos convenios, algo que por desgraza neste sector xa ten pasado. E á historia nos remitimos.**

## **A LOITA CONTINÚA**



***"Coa forza  
dos traballadores  
das traballadoras"***

**Representantes dos traballadores da CIG no Comité de Empresa:**

<b>Pedro Pérez Caride</b>	<b>646 690 810</b>
<b>Fructuoso Carballo Álvarez</b>	<b>666 085 437</b>
<b>Marta Calvo González</b>	<b>690 624 982</b>
<b>Ramón López López</b>	<b>626 473 681</b>
<b>Benito López Pazos</b>	<b>636 494 888</b>

**Delegado Sección Sindical CIG-Securitas:**

**Raúl Santos Tome**                      **617 149 829**

**Os nosos locais:**

GREGORIO ESPINO (Doblada), 47  
Centraliña Comarca 986-82-79-00

**36205 – VIGO**

PASANTERIA, 1 (Baixo)

Telefone 986-85-29-50

**36002 PONTEVEDRA**

Enderezo Electrónico

[cig.securitas.vigo@telefonica.net](mailto:cig.securitas.vigo@telefonica.net)

[secionsindical@cigsecuritasvigo.com](mailto:secionsindical@cigsecuritasvigo.com)

Páxina web: [www.cigsecuritasvigo.com](http://www.cigsecuritasvigo.com)